

Glosario

Afloramento: Zona onde as rochas do subsolo quedan á vista na superficie, sen ter que escavar para elas.

Cartografía: Ciencia que se encarga de representar a superficie da Terra ou do fondo mariño mediante mapas.

Clave dicotómica: Ferramenta que permite identificar elementos da natureza, como minerais, rochas ou seres vivos, a través dunha serie de pasos con preguntas sinxelas que ofrecen dúas opcións.

Escala: Relación entre a distancia que aparece nun mapa ou plano e a distancia real na Terra.

Fenómeno xeolóxico: Proceso natural que ocorre na Terra como resultado da súa dinámica interna ou externa, e que pode causar cambios importantes na superficie terrestre.

Litosfera: Capa máis superficial da esfera terrestre, formada pola codia e pola parte superior do manto terrestre. Atópase fragmentada en grandes placas coñecidas como placas tectónicas.

Mapa: Representación a pequena escala dunha parte da superficie terrestre.

Mapa xeolóxico: Mapa que mostra as diferentes rochas e fenómenos xeolóxicos dun territorio, usando cores ou símbolos distintos para representalas.

Masa: Cantidade de materia dun corpo. Adoita medirse en gramos (g) ou quilogramos (kg).

Mineral: Material sólido, natural e inorgánico, con composición química definida e estrutura ordenada.

Ondas sísmicas: Vibracións que se xeran no interior da Terra durante un terremoto.

ODS 2030: Os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (**ODS 2030**) constitúen un chamamento universal á acción para poñer fin á pobreza, protexer o planeta e mellorar as vidas e as perspectivas das persoas en todo o mundo.

Plano: Representación detallada e a maior escala dunha zona pequena, como unha vila, un barrio ou un edificio.

Rocha: Material sólido formado por un ou máis minerais.

Sondaxe: Técnica que consiste en perforar o terreo para extraer mostras do interior do solo.

Volume: Espazo que ocupa un corpo. Adoita medirse en centímetros cúbicos (cm^3) ou metros cúbicos (m^3).

Vulcanismo: Conxunto de fenómenos relacionados cos volcáns e coa súa actividade.

Xeoparque: Zona de interese xeolóxico recoñecida pola UNESCO, onde se coida a natureza e se fomentan a educación e o desenvolvemento sostible.

Xeosfera: Parte sólida da Terra constituída por diversas capas concéntricas, desde a superficie ata o interior terrestre.

“Glosario: Esas pedras preciosas”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.](#)

